

Por que?

Os Xogos tradicionais son actividades lúdicas que forman parte do Patrimonio dos pobos e que enriquecen persoal e culturalmente a cada comunidade cultural.

Son xogos dirixidos a todas as idades e clases sociais, que aportan un elemento engadido de grande importancia, pois son transmisores do Patrimonio Cultural Inmaterial, ao tempo que son integradores e saudables.

Brinquedia - Rede Galega do Xogo Tradicional tomou a iniciativa de propoñer o 11 de novembro de cada ano como o *Día do Peón*, un día no que os trompos bailen en todos os concellos galegos. A proposta consiste en incorporar o xogo do Peón ás actividades que se desenvolvan nese día, coa intención de que chegue a converterse nunha data de celebración anual.

O peón (tromo, buxaina...) xógase tradicionalmente no outono. Na fraseoloxía galega podemos atopar distintos refráns que falan da súa estacionalidade: “*Polo San Martiño, peóns ao camiño*”, “*Pola Santa Olaia, peóns á borralla*”, “*Polo Santo Antón, trompos ao caixón*”... É un xoguete de madeira torneada, cun cravo de ferro na punta (*ferrón*) e un anaco de madeira redondo na parte superior (*pirucho*). Podemos atopar o xogo en múltiples comunidades culturais; descubrindo distintas formas e xeitos de xogo, malia a máis estendida consiste en bailalo, despois de o ter amarrado cunha *piola* ou *baraza* ao seu redor.

Agradecemos confirmedes a participación nesta actividade, indicando o número de participantes, nome da entidade e actividades desenvolvidas, para dimensionar a campaña do xeito máis aproximado posíbel.

Estas confirmacións pódense dirixir por correo-e a: brinquedia@brinquedia.net, ou no web www.brinquedia.net



11 de novembro do 2010

MÁIS INFORMACION EN www.brinquedia.net



Convócase esta xornada co obxectivo de promover e potenciar a práctica do xogo tradicional, ademais da nosa fraseoloxía e do patrimonio inmaterial. **O VENRES 11 DE NOVEMBRO ÁS 12 DA MAÑÁ** é o momento elixido para bailar milleiros de peóns conxuntamente en todo o país. Porén, o obxectivo desta convocatoria vai máis aló do propio día, polo que se propoñen as seguintes actividades a realizar nas xornadas anteriores e/ou posteriores:

- Conseguir un peón para cada persoa.
 - Decorar cadaquén o seu peón.
 - Promover actividades de contacto interxeneracional (investigación nos “Fogares do maior” ou no contorno).
 - Diseñar cartaces alusivos ao Día do Peón 2010.
 - Facer exposicións con distintos tipos de peóns.
 - Traballar a danza e a música coa canción “*Como o trompo*” (dispoñible para baixar do web de *Brinquedia*)
- Axudar a que se aprenda a bailar o peón.
 - Realizar exhibicións de bailes do peón.
 - Convocar aos Centros Sociais para os actos do día 11, conxuntamente cos centros de ensino.
 - Publicitar as actividades nos medios de comunicación locais.
 - Concentrarse en prazas públicas ou coorganizar os actos do día 11 de novembro entre varios centros.

A continuación, velaquí unha pequena relación de ligazóns web con recursos sobre o xogo do peón (videos, instrucións, aplicacións...) En calquera caso, animarvos a pescudar máis na rede... hai cousas ben curiosas polo mundo adiante.

www.brinquedia.net (web de Brinquedia)

<http://www.youtube.com/user/brinquedia>

(Canle de Brinquedia en youtube)

www.xogospopulares.com (web con información de xogos tradicionais)

www.baldufa.com (web dos amigos da “Baldufa” - Catalunya)

www.saturnotruco.com (fabricación de peonzas - Valencia)

<http://www.peonza.es> (revista de literatura infantil e xuvenil)

<http://topspinning.com> (páxina en inglés con videos e “truques”)

<http://mundopeonza.galeon.com> (web con información de peonzas, instrucións de lanzamento, truques...)

